




CONCELLO DE BOIRO

Secretaría 1/3

CORPORACIÓN MUNICIPAL 2015/2019
Casa do Concello



NOTIFICACIÓN

Asunto: convocatoria á sesión extraordinaria do PLENO DO CONCELLO

Notifícase a Resolución da Alcaldía do 14/12/2015 que di:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 2 a) do Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional), do 10/12/2015.

TENDO EN CONTA o disposto nos artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, con esta data RESOLVO:

PRIMEIRO. CONVOCAR unha sesión EXTRAORDINARIA do Pleno do Concello para o

Día: 17/12/2015
Hora: 20:00 h. a 1.ª convocatoria e ás 20:00 h. a 2.ª, dous días despois
Lugar: salón de plenos da Casa do Concello.
Orde do día:

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

- 1 Aprobación inicial do proxecto de Orzamentos municipais para o ano 2016
- 2 Aprobación do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos municipais (POS) 2016
- 3 Aprobación do Plan de acción social (PAS) 2015

SEGUNDO. NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, poñendo a súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO. PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

QUINTO. DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

Boiro, 14 de decembro de 2015.



O alcalde,

Juan José Dieste Ortigueira

o secretario,

Dalmiro Núñez Méndez

RECURSOS

Este acordo constitúe un acto de trámite polo que pode formular cantas alegacións estime oportunas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento (artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común).

Igualmente, se estima que o dito acto decide directa ou indirectamente o asunto de fondo, determina a imposibilidade de continuar o procedemento, produce indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, pode interpoñer, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, un recurso potestativo de reposición, que terá que fundamentar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da dita Lei 30/1992.

Todo iso sen prexuízo da realización de cantas accións estime oportunas na defensa dos seus intereses lexítimos.

Boiro, 14 de decembro de 2015

O secretario,

Dalmiro Núñez Méndez.

